

O 5 de abril do 2024 ás 20:30h o Teatro Jofre de Ferrol acolle a estrea do novo espectáculo do Colectivo D'Elas **É Difícil Fotografar o Baleiro**, unha creación en clave de danza urbana e creación contemporánea.

O espectáculo

“É difícil fotografar o baleiro” é a primeira produción de longo formato para teatros e auditorios da compañía, unha das máis prometedoras e recentes formacións en danza de Galicia que realiza a estrea do seu novo espectáculo enfrentándose ao baleiro:

Este espectáculo é unha aposta por atopar se existe algo máis aló do corpo. É un cuestionamento poético da verdade, do centro, da transcendencia. A través das experiencias de seis corpos moi diversos atopámonos coa superficialidade da identidade, cunha busca dunha esencia difícil de conquistar. As dinámicas xeradas entre estas seis intérpretes, mergullan ao espectador nun tránsito entre corpos baleiros e corpos que aluden á intuición, á transcendencia ou á ilusión.

*Nunha viaxe entre cantos gregorianos e a música techno de **LLXNTO e Bruno Baw** as seis bailarinas móstrannos corpos virtuosos pero humanos, con capacidades extraordinarias pero coas limitacións de ser mortais, magullables e imperfectos. Unha tentativa de habitar un corpo cru, doente e limitante; pero un corpo capaz de amar, sacrificar ou soñar máis aló. Afundindo ao espectador nunha viaxe visceral, siniestra e chea de metáforas.*

*Coa atención á música, á coordinación e á utilización da palabra que caracteriza ao colectivo, **É difícil fotografar o baleiro** é un mundo plástico que por momentos nos leva a ver a música a través dunha masa de corpos e por momentos atopámonos mergulladas na intimidade do individuo, no seu baleiro.*

A potencia de seis corpos entregados á escena na procura dunha identidade colectiva, dunha identidade propia, dunha esencia que parece imposible de alcanzar. Unha falta de identificación, unha colectividade a partir do único que queda, o corpo. Unha busca do baleiro como centro de tódalas cousas.

O colectivo, a través das redes sociais e o seu perfil de Instagram foron compartindo o seu caderno de Bitácora en formato videoblog coa audiencia dixital: <https://www.instagram.com/d.elas/>

A equipa

Dirección: Julia Laport

Creación e Interpretación: Myriam González, Eloi García, Martín

Sanjurjo, Andrea Castro, Noelia Mato, Iria Casal
Espazo lumínico: Nacho Martín Rivas
Espazo sonoro: Bruno Baw e LLXNTO
Vestuario: Yago Valverde, Elise Abella
O proxecto obtivo unha axuda á creación da Agadic - Xunta de Galicia.

O Colectivo

D'elas é un colectivo de danza integrado por dez artistas emerxentes galegues: Andrea Castro, Eloi García, Martín Sanjurjo, Myriam González, Nerea Balado, Julia Laport, Sabela Domínguez, Iria Casal, Noelia Mato e Diana Montserrat.

Xúntanse en setembro do 2020 pola necesidade de desenvolver a través da colectividade, de crear pontes entre artistas do movemento e de levar as linguaxes das danzas urbanas á escena. D'elas representa a resistencia. Nun contexto social e cultural onde xuntar un grupo tan grande de artistas nun proxecto profesional resulta case utópico, este colectivo atopa a súa potencialidade na unión e na forza conxunta.

En agosto de 2021 estrean "OCCO", dirixida por Julia Laport e Sabela Domínguez no programa da Xunta de Galicia *Propulsa Danza + Paisaxe + Patrimonio* (A Estrada, Pontevedra). En maio de 2022, "OCCO" é unha das cinco pezas finalistas do Certame Coreográfico de Compostela.

"É difícil fotografar o baleiro", dirixida por Julia Laport é a súa segunda produción, nesta ocasión con formato para sala.

As compoñentes de D'Elas proveñen das danzas urbanas e danzas club, entre as que destacan o House, o Waacking, o Hip Hop e o Popping; compaxinando isto con formación en danza contemporánea. Son ademais integrantes doutras compañías de creación escénica.

A súa actividade escénica vese acompañada dunha gran presenza na comunidade urbana, impulsando e participando en varios proxectos e eventos tanto a nivel nacional como internacional (Madrid, Barcelona, Milán, Londres...). Combinan isto co seu papel pedagóxico, onde todas elas levan a cabo numerosas formacións e aulas regulares en diferentes zonas de Galiza.

<https://www.instagram.com/d.elas/>

<https://www.amarelo.es/baleiro>

delasproduccion@gmail.com
Julia Laport - 603 458 250
Myriam González - 606 185 025